A compañía de teatro Ars Artis representa no Lois Tobío ‘O meu propio paraíso’ este sábado

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Sábado, 27 Outubro 2012 15:59



-Esta comedia delirante, escrita polo popular actor de Tricicle Paco Mir, foi premio Max

-A función terá lugar o sábado 27 ás 22 horas. A entrada custa 5 euros

O auditorio Lois Tobío acolle o sábado 27 ás 22 horas unha propostas destacadas dentro da programación teatral que a Concellería de Cultura do Concello de Gondomar deseñou para esta tempada. Trátase do espectáculo 'O meu propio paraíso', un espectáculo dramático escrito polo actor e guionista Lucas Herrador e representado pola compañía Ars Artis.

'O meu propio paraíso' reflexiona sobre os soños, esperanzas e temores dos seres humanos, pero tamén sobre as relacións de parella e sobre compartir con alguén o reto da vida.